

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**10102** *Real decreto 794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional.*

#### ÍNDICE

Título preliminar. Disposicións xerais.

Artigo 1. *Obxecto do real decreto.*

Artigo 2. *Definicións.*

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Artigo 4. *Órganos competentes.*

Título I. Subvencións e axudas de cooperación internacional concedidas en desenvolvemento da política exterior do goberno.

Capítulo I. Disposicións comúns.

Artigo 5. *Obxecto das subvencións e axudas.*

Artigo 6. *Réxime xurídico.*

Artigo 7. *Modalidades.*

Artigo 8. *Beneficiarios.*

Artigo 9. *Entidades colaboradoras.*

Capítulo II. Procedemento de concesión e pagamento.

Artigo 10. *Procedemento de concesión.*

Artigo 11. *Resolución de concesión e aceptación do beneficiario.*

Artigo 12. *Modificación da resolución de concesión.*

Artigo 13. *Ampliación do prazo de execución da actividade.*

Artigo 14. *Acordo de cooperación delegada.*

Artigo 15. *Pagamento.*

Capítulo III. Xestión e xustificación das subvencións.

Artigo 16. *Publicidade.*

Artigo 17. *Gastos subvencionables.*

Artigo 18. *Xustificación.*

Artigo 19. *Remanentes non investidos.*

Artigo 20. *Ampliación do prazo de xustificación.*

Capítulo IV. Réxime de control, reintegro e sancións.

Artigo 21. *Réxime de control, reintegro e sancións.*

Título II. Subvencións e axudas de cooperación internacional para o desenvolvemento sometidas aos principios de publicidade e concorrencia.

Capítulo I. Disposicións comúns.

Artigo 22. *Obxecto das subvencións e axudas.*

Artigo 23. *Réxime xurídico.*

Artigo 24. *Modalidades.*

Artigo 25. *Beneficiarios.*

Capítulo II. Procedemento de concesión e pagamento.

Artigo 26. *Procedemento de concesión.*

Artigo 27. *Pagamento.*

Capítulo III. Xestión e xustificación das subvencións e axudas.

Sección 1.<sup>a</sup> Execución da actividade subvencionada.

Artigo 28. *Prazo de execución da actividade subvencionada.*

Artigo 29. *Execución da subvención por socios locais ou contrapartes estranxeiras.*

Sección 2.<sup>a</sup> Financiamento da actividade subvencionada.

Artigo 30. *Aplicación dos rendementos financeiros.*

Artigo 31. *Remanentes non investidos.*

Sección 3.<sup>a</sup> Xustificación de subvencións e axudas.

Artigo 32. *Presentación da documentación xustificativa do gasto.*

Artigo 33. *Xustificación de proxectos con varias administracións públicas concedentes de subvencións ou axudas.*

Artigo 34. *Prazo de xustificación.*

Artigo 35. *Modalidades de xustificación das subvencións e axudas.*

Artigo 36. *Conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto.*

Artigo 37. *Conta xustificativa con informe de auditor de contas.*

Artigo 38. *Outras modalidades de xustificación.*

Artigo 39. *Xustificación en situacións excepcionais.*

Capítulo IV. *Gastos subvencionables.*

Artigo 40. *Documentación xustificativa dos gastos imputados á subvención.*

Artigo 41. *Certificados de execución de actividades.*

Artigo 42. *Custos indirectos.*

Artigo 43. *Anticipo de fondos para impostos susceptibles de recuperación.*

Artigo 44. *Acreditación do valor dos bens adquiridos con cargo á subvención.*

Artigo 45. *Trocos de moeda.*

Capítulo V. *Réxime de control, reintegro e sancións.*

Artigo 46. *Réxime de control, reintegro e sancións.*

Título III. *Subvencións e axudas para intervencións de acción humanitaria.*

Capítulo I. *Disposicións comúns.*

Artigo 47. *Obxecto das subvencións e axudas.*

Artigo 48. *Réxime xurídico.*

Artigo 49. *Modalidades.*

Artigo 50. *Beneficiarios.*

Artigo 51. *Entidades colaboradoras.*

Capítulo II. Procedemento de concesión e pagamento.

Artigo 52. *Procedemento de concesión.*

Artigo 53. *Resolución de concesión e aceptación do beneficiario.*

Artigo 54. *Pagamento.*

Artigo 55. *Publicidade.*

Capítulo III. Réxime de xestión, xustificación, control reintegro e sancións.

Artigo 56. *Gastos subvencionables.*

Artigo 57. *Réxime de xustificación, control, reintegro e sancións.*

Disposición adicional primeira. Acordos con comunidades autónomas e entes locais.

Disposición adicional segunda. Aplicación supletoria.

Disposición transitoria única. Procedementos iniciados e subvencións e axudas concedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

I

A Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, sinala: «A política de cooperación internacional para o desenvolvemento constitúe un aspecto fundamental da acción exterior dos Estados democráticos en relación con aqueles países que non alcanzaron o mesmo nivel de desenvolvemento, baseada nunha concepción interdependente e solidaria da sociedade internacional e das relacións que nela se desenvolven».

O 25 de setembro de 2008 celebrouse en Nova York o Encontro de alto nivel para a revisión dos obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM). Neste encontro reafirmouse a vontade de todos os países de continuaren realizando os esforzos necesarios para alcanzar os ditos obxectivos.

Na Conferencia sobre financiamento do desenvolvemento de Monterrei, en 2002, identificáronse cinco aspectos clave para a consecución deses compromisos: a mobilización de recursos financeiros nacionais e internacionais para o desenvolvemento; o comercio internacional como promotor do desenvolvemento; o aumento da cooperación financeira e

técnica internacional; a débeda externa, cuxo alivio permitiría liberar recursos e orientalos cara á consecución de obxectivos de desenvolvemento e, finalmente, o tratamento de cuestións sistémicas, que se concreta no impulso a unha maior coherencia e cohesión dos sistemas monetarios, financeiros e comerciais internacionais en apoio do desenvolvemento.

Unha vez acordados os ODM e definidas algunhas das medidas para financiar o desenvolvemento, os esforzos da comunidade internacional orientáronse a buscar as claves para ser máis eficaces na provisión de axuda. A referencia fundamental para a axenda internacional de eficacia da axuda está na Declaración de París, asinada en 2005 por máis de 90 países, entre doadores e socios, ademais de organismos e fondos multilaterais e institucións financeiras. Esta declaración sentou os principios básicos para unha maior eficacia da axuda: apropiación, aliñamento, harmonización, xestión para resultados de desenvolvemento e mutua rendición de contas.

A comunidade internacional asumiu compromisos concretos no marco destes principios, como o de dar seguimento ao seu desempeño, e quedou emprazada a facer un alto no camiño para valorar o proceso e afondar nos principios e compromisos políticos que o sustentan. En setembro de 2008 celebrouse o III Foro de alto nivel sobre eficacia da axuda, en Accra (Ghana), que culminou co asinamento da Axenda de acción de Accra. Esta axenda completa os principios de París coa inclusión de todos os actores de desenvolvemento e con compromisos concretos para as políticas de desenvolvemento de doadores e socios nos próximos anos.

No ámbito europeo, un dos feitos máis significativos no marco do desenvolvemento foi o asinamento do Consenso europeo sobre desenvolvemento en decembro de 2005. Este consenso coloca a erradicación da pobreza como obxectivo fundamental da política de desenvolvemento da Unión Europea (UE), e define por primeira vez os principios comúns con base nos cales a Comisión e os Estados membros aplicarán as súas respectivas políticas de desenvolvemento cun espírito de complementariedade. Este consenso manifesta o firme compromiso da UE coa coherencia de políticas para o desenvolvemento, cos principios de eficacia da axuda, cos obxectivos de desenvolvemento do milenio e co incremento do volume de axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) necesario para a consecución dos obxectivos.

O Consenso europeo sobre desenvolvemento, dentro do ámbito de eficacia da axuda, comprometía a Comisión Europea e os Estados membros a avanzaren en complementariedade e división do traballo. Froito deste compromiso, en 2007 asumíuse o Código de conduta sobre complementariedade e división do traballo, que orienta as decisións para lograr maior concentración, harmonización e repartición de tarefas entre a Comisión Europea e os Estados membros.

Por último, a UE mantén os compromisos do Consenso europeo sobre desenvolvemento co incremento do volume de AOD, para alcanzar o 0,7 por cento da renda nacional bruta dos Estados membros en 2015 cunha meta intermedia do 0,56 por cento en 2010, e cunha maior previsibilidade da súa axuda, para o que avanzou na identificación de novos instrumentos que permitan melloras neste sentido.

Obter a longo prazo resultados en termos de desenvolvemento é o obxectivo que persegue calquera acción da cooperación española, resultados que son cambios positivos, apreciábeis e sostidos nas condicións de vida das persoas, e que se traducen en redución da pobreza e nun exercicio máis efectivo dos seus dereitos. A eficacia do desenvolvemento supón avanzar no que realmente importa: na solución dos problemas das persoas, en ampliar as súas oportunidades e en facer efectivos os seus dereitos, independentemente de se é a AOD quen xera este avance ou se pode imputar a outros factores. Para isto fan un papel crucial as políticas públicas do país socio, as condicións macroeconómicas, a xestión pública eficiente e eficaz, o respecto aos dereitos humanos e a gobernabilidade democrática.

Pero para que as políticas de desenvolvemento dos países poidan ter efectos, é ademais necesario un marco global de condicións externas que permita aos países socios o seu propio desenvolvemento.

Para a cooperación española o mellor camiño para afrontar a axenda de desenvolvemento é unha asociación entre os diferentes actores arredor de obxectivos e visións comúns para o desenvolvemento. O III Plan Director da Cooperación Española (2009-2012) en aplicación da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional, retoma, reforza e, desde unha nova lectura, propón o principio de asociación para o desenvolvemento como modo de interactuar e de sumar esforzos entre os actores con diferentes orixes, misións, competencias ou naturezas, cara a obxectivos e visións comúns.

## II

Os compromisos asumidos por España no contexto internacional, tanto no ámbito das relacións Estado a Estado como no da súa participación en organismos multilaterais, materialízanse en numerosas ocasións en achegas económicas sen contraprestación que, pola natureza dos perceptores, son dificilmente compatibles coas normas xerais aplicables a este tipo de achegas de fondos públicos.

No ámbito concreto da cooperación internacional para o desenvolvemento, definido na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, moitos son os acontecementos que tiveron lugar desde a entrada en vigor do Real decreto 259/1998, do 20 de febreiro, polo que se establecen as normas especiais sobre axudas e subvencións de cooperación internacional. Froito dun proceso profundo de reflexión da comunidade internacional, a Declaración de París de 2005 sobre a eficacia da axuda, compartida por España, compromete os doadores na posta en marcha dos instrumentos de cooperación que apoiem a «apropiación» da axuda internacional por parte do país socio e busquen o seu aliñamento coas políticas de redución da pobreza e de promoción do desenvolvemento destes países, así como a harmonización das actuacións de cooperación entre os distintos doadores. Todo isto baixo o principio da eficacia da axuda e co obxectivo adicional de reducir os custos de transferencia.

Coa asunción do Código de conduta relativo á división do traballo no ámbito da política de desenvolvemento, adoptado polo Consello da Unión Europea e polos representantes dos gobernos dos Estados membros en maio de 2007, España comprométese, ademais, entre outros obxectivos, a avanzar no desenvolvemento de fórmulas de cooperación delegada.

Por outra parte, na execución da axuda oficial ao desenvolvemento española participan unha gran diversidade de axentes, tanto nacionais como estranxeiros, públicos e privados. O denominador común de todos eles é o ámbito e a natureza e obxectivos de desenvolvemento das súas intervencións, sendo por tanto tamén comúns todas as dificultades amplamente estudadas que encontran para a aplicación da nosa actual normativa en materia de subvencións e axudas públicas.

A cooperación internacional para o desenvolvemento e a loita contra a pobreza forman parte substancial da política exterior do Goberno. De acordo coa Lei 23/1998, do 7 de xullo, e cos diversos plans directores, son múltiples os axentes que participan da dita política exterior: os países receptores da axuda, os organismos multilaterais e internacionais, as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, as universidades, os sindicatos, as organizacións empresariais, a Administración xeral do Estado (nos diversos ministerios) a Administración pública autonómica, a Administración pública local, e este sistema forma parte plena da cooperación internacional para o desenvolvemento.

De acordo cos compromisos internacionais asinados polo noso país en materia de calidade e eficacia da axuda que quedaron reflectidos na denominada Declaración de París, a comunidade doadora comprométese a actuar de acordo cos principios de apropiación democrática e local, o principio de aliñamento e o principio de harmonización. Neste contexto, este real decreto define un marco que pode servir como referencia para as comunidades autónomas e entidades locais, sen menoscabo das competencias e a autonomía que lles son propias. Por esta razón, a disposición adicional única deste real decreto prevé a formalización de acordos coas ditas administracións nesta materia.

## III

A cooperación internacional presenta diferentes formas de intervención pública, tanto por razón do obxecto da actividade como pola natureza dos destinatarios dos fondos públicos. Cada modalidade ou técnica de actuación revela singularidades xurídicas, aínda que todas as subvencións e axudas que se outorgan no marco da acción internacional de fomento están rexidas polos mesmos principios e regras motrices. Por isto, atendendo a esta unidade de acción política que impulsa o conxunto da cooperación internacional, este real decreto presenta unha regulación xeral das diferentes modalidades de axudas.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, veu cubrir un espazo básico na regulación xurídica xeral da actividade de fomento en España, con dous propósitos esenciais: inserir as subvencións en principios de boa xestión administrativa, como son os de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia; e, doutra parte, disciplinar o uso dos recursos orzamentarios, garantindo un adecuado control destes. Estes obxectivos son xenéricos, afectan a todas as subvencións e axudas públicas, e están presentes neste real decreto coas particularidades derivadas dos proxectos e accións executados no contexto da acción internacional de fomento.

Nese sentido, a disposición adicional 18.<sup>a</sup> da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que o Goberno aprobará por real decreto, por proposta conxunta dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Economía e Facenda, as normas especiais reguladoras das subvencións de cooperación internacional. Esta regulación adecuarase con carácter xeral ao establecido na Lei 38/2003, salvo que se deban exceptuar os principios de publicidade ou concorrencia ou outros aspectos do réxime de control, reintegros ou sancións, na medida en que as subvencións sexan desenvolvemento da política exterior do Goberno e resulten incompatibles coa natureza ou os destinatarios delas.

Con base nesta habilitación, este real decreto regula o réxime especial aplicable ás subvencións e axudas de cooperación internacional concedidas en desenvolvemento da política exterior do Goberno, que vén derrogar o Real decreto 259/1998, do 20 de febreiro, polo que se establecen as normas especiais sobre axudas e subvencións de cooperación internacional.

En segundo lugar, as subvencións e axudas de cooperación internacional ao desenvolvemento que se conceden baixo os principios de publicidade e concorrencia ofrecen unha fórmula óptima para a implicación do terceiro sector na consecución dos obxectivos establecidos polo Goberno no marco da súa concepción da axuda oficial ao desenvolvemento. A importancia que concede o Goberno á imbricación destes axentes no desenvolvemento destas políticas vese reforzada pola regulación neste regulamento dun marco xurídico xeral das subvencións e axudas que reciben. Este marco ten a consideración de bases reguladoras xerais das subvencións e axudas, sen prexuízo de que se complemente esta regulación coas bases específicas que aproben os respectivos ministros no ámbito das súas competencias.

Finalmente, e tamén dentro do ámbito da cooperación internacional para o desenvolvemento, o III Plan Director da Cooperación Española, 2009-2012, destina por primeira vez un capítulo especial á acción humanitaria, poñendo así de relevancia a súa especificidade. As accións de España no ámbito da acción humanitaria levaranse a cabo no marco dos principios de humanidade, imparcialidade, non-discriminación, neutralidade, independencia, igualdade, equidade, calidade e universalidade, con respecto aos dereitos humanos, ás normas de dereito internacional humanitario, ao dereito dos refuxiados, aos principios reitores do desprazamento interno e con enfoque participativo, de fortalecemento da equidade de xénero e de responsabilidade na rendición de contas. Os obxectivos da acción humanitaria serán os previstos no Plan Director da Cooperación Española, nos documentos de Estratexia sectorial da cooperación española, nos acordos e compromisos internacionais adquiridos por España e noutros documentos públicos de política na materia.



De acordo co establecido no artigo 5 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, corresponderán á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento as funcións de coordinación e execución da acción humanitaria no exterior.

O artigo 28, en relación co artigo 22.2, da Lei 38/2003, e o artigo 67 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecen que mediante real decreto se aprobarán as bases reguladoras das subvencións de concesión directa en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

Facendo uso desta habilitación, desenvólvense as normas especiais para a concesión directa de subvencións por razóns humanitarias, que deberán contribuír a que a acción humanitaria da cooperación española alcance os seus xa mencionados obxectivos de aumento da eficacia na resposta e do compromiso coas iniciativas internacionais.

#### IV

Este real decreto desenvólvese en catro títulos. O título preliminar contén as disposicións xerais, e regula o obxecto do real decreto e o seu ámbito de aplicación. Nos seguintes tres títulos establécese a regulación de cada un dos tipos de subvencións e axudas reguladas. Dada a heteroxeneidade destas tipoloxías, o ámbito de aplicación, o réxime xurídico, a identificación de potenciais beneficiarios, as posibles modalidades e a súa regulación realízanse en cada título de forma específica.

O título I establece a regulación das subvencións e axudas de cooperación internacional concedidas en desenvolvemento da política exterior do goberno. Habilítase o goberno para articular esta política a través de novos instrumentos de cooperación, como son os apoios orzamentarios xerais e sectoriais, os fondos globais, os fondos comúns, a cooperación triangular e a cooperación delegada, á cal se refire especialmente o artigo 14. Desenvólvense nesta norma as regras básicas para a introdución de modificacións das condicións iniciais baixo as cales foron concedidas as subvencións e axudas, así como para as modificacións de prazos e a xustificación da aplicación dada aos fondos, materia en que se establecen regras especiais para Estados e organismos internacionais.

No título II, sen prexuízo das correspondentes normas de desenvolvemento, establécese as bases reguladoras das subvencións e axudas de cooperación internacional para o desenvolvemento cuxa concesión estea sometida aos principios de publicidade e concorrencia. Defínense, por tanto, as actuacións que se consideran propias da cooperación para o desenvolvemento e, en atención á súa especificidade, establécese regras especiais para a súa xestión, xustificación, control, reintegro e sancións, sempre no ámbito do establecido na Lei 38/2003. Establécese, así, que estas subvencións e axudas serán prepagables, salvo previsión expresa en contrario, e sen exixencia de garantía. Regúlanse normas especiais para as ampliacións de prazos e para os prazos de presentación da xustificación. No relativo a esta última, establécese as regras xerais para a súa presentación a distintas administracións financiadoras, as particularidades que deben ter en conta os auditores cuxos informes se xunten na modalidade de conta xustificativa con presentación de informe de auditoría e as alternativas para xustificación en casos excepcionais. En canto a tipos de xustificantes, ademais de definir as condicións da utilización de recibos en substitución de facturas, introdúcese a fórmula da certificación de execución de actividades. Respecto aos impostos indirectos susceptibles de recuperación, ábrese a posibilidade de que sexan atendidos cun anticipo con cargo á subvención, mentres non sexan efectivamente recuperados. Os custos indirectos, ademais, non precisarán de xustificación. Por último, en canto aos reintegros, establécese que o incumprimento parcial non afectará as cantidades investidas nos obxectivos cumpridos.

O título III regula a concesión directa de subvencións e axudas para intervencións de acción humanitaria. Trátase, por tanto, dunha base reguladora enteiramente nova que vén proporcionar un instrumento áxil e inmediato de reacción ante situacións de crises humanitarias. Tras definir as condicións baixo as cales este tipo de subvencións e axudas poderán ser obxecto de concesión directa, os beneficiarios, réxime xurídico e modalidades,



establécese o procedemento de concesión e pagamento, e o réxime de xustificación, control, reintegro e sancións, de forma similar á regulada no título I.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Economía e Facenda, e coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2010,

DISPOÑO:

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto do real decreto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional outorgadas pola Administración do Estado.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Apoio orzamentario xeral: apoio financeiro que se distribúe a través do orzamento nacional do país socio e que non se vincula estreitamente a proxectos específicos ou gastos concretos; si pode, en cambio, referirse a acordos máis amplos sobre políticas de desenvolvemento. Os fondos desembolsados polo país doador destínanse a financiar os orzamentos xerais do país socio, sen unha adscripción sectorial determinada.

b) Apoio orzamentario sectorial: apoio orzamentario directo que se concede condicionado a que sexa dirixido a un sector específico –normalmente no marco dun enfoque sectorial acordado e apoiado polo goberno e os principais países doadores.

c) Fondo global: fondo xestionado por unha parzaría público-privada que se constitúe a nivel internacional para tratar un determinado tema ou problema global. Poden formar parte desta parzaría os países socios, a comunidade de doadores e a sociedade civil –empresas privadas, organizacións non gobernamentais, asociacións e outros.

d) Fondo común: mediante este instrumento, o país doador contribúe a unha conta autónoma que é xestionada conxuntamente con outros doadores ou pola propia contraparte pública do país socio. A conta pode ter uns fins, medios de pagamento e mecanismos de rendición de contas determinados. O país doador renuncia á exclusividade no control dos seus fondos, compartindo a responsabilidade con outros países doadores.

e) Cooperación delegada: modalidade en que un país doador –«mandatario» ou «doador líder»– queda habilitado para actuar en nome doutro ou outros doadores –«mandante» ou «doador silencioso»– de modo que o doador líder se encarga, en nome do resto dos doadores, de establecer os acordos necesarios co país socio, e de conducir o diálogo de políticas e administrar os fondos achegados. O doador silencioso poderá chegar a renunciar a manter relacións bilaterais co país receptor nos temas obxecto da delegación.

f) Cooperación triangular: modalidade en que un país doador dirixe as súas axudas a un país socio por medio dun terceiro país socio –país en desenvolvemento–, e este actúa como país líder na canalización dos recursos de un ou varios países doadores.

g) Socio local ou contraparte estranxeira: persoa xurídica creada ou recoñecida de acordo coa lexislación do país en que se desenvolverá a acción, que mantén relacións de colaboración co beneficiario e que asume todo ou parte da execución directa das actuacións obxecto de subvención. Tamén poderán ter a consideración de socio local ou contraparte agrupacións de persoas sen personalidade xurídica.

h) País socio: país receptor de axuda ao desenvolvemento proporcionada por outros países, co obxecto de apoiar os seus propios procesos de desenvolvemento.

i) Acción humanitaria: para os efectos desta norma, forman parte da acción humanitaria as actuacións non discriminatorias en favor das poboacións, en particular as máis vulnerables, doutros países e territorios, especialmente os que se encontren en vías de desenvolvemento, que teñan como obxectivo:

1. No ámbito da prevención: prever, anticipar, predicir e prepararse ante eventuais desastres, incrementar a capacidade de resposta ante estes e evitar a emerxencia ou agravamento dun conflito e das súas consecuencias para a poboación civil en caso de que xa se manifestase.

2. En supostos de emerxencia: atender mediante accións de asistencia e protección das vítimas dos desastres, xa sexan naturais ou causados polo ser humano como os conflitos armados, e das súas consecuencias directas. Estas accións irán orientadas a aliviar o sufrimento, garantir a subsistencia e protexer os dereitos.

3. En casos de crise crónica: subministrar a asistencia e o socorro necesario ás poboacións afectadas por emerxencias complexas, crises crónicas, sostidas e recorrentes, especialmente cando estas poboacións non poidan ser socorridas polas súas propias autoridades ou en ausencia de calquera autoridade.

4. A rehabilitación ou recuperación temperá: atender a rehabilitación temperá de poboacións en situacións inmediatamente posteriores a desastres naturais ou causados polo ser humano, como conflitos.

5. A protección de vítimas: apoiar as accións de protección en favor das vítimas de conflitos ou situacións excepcionais semellantes.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto regula tres categorías de subvencións e axudas enmarcadas no campo da cooperación internacional:

a) Subvencións e axudas de cooperación internacional concedidas en desenvolvemento da política exterior do Goberno.

b) Subvencións e axudas de cooperación internacional para o desenvolvemento sometidas aos principios de publicidade e concorrencia.

c) Subvencións e axudas de concesión directa para intervencións no campo da acción humanitaria.

### Artigo 4. *Órganos competentes.*

Os órganos competentes para conceder as subvencións e axudas reguladas neste real decreto no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación son a persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a persoa titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e a persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, nos seus respectivos ámbitos de competencia.

## TÍTULO I

### Subvencións e axudas de cooperación internacional concedidas en desenvolvemento da política exterior do Goberno

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións comúns

### Artigo 5. *Obxecto das subvencións e axudas.*

1. Regúlanse neste título as subvencións e axudas derivadas da política exterior do Goberno que teñan por obxecto o desenvolvemento social, económico, educativo, cultural,

científico e técnico dos países en desenvolvemento ou con economías en transición, a difusión das linguas e culturas de España e, en xeral, calquera outra actividade de cooperación internacional.

2. As subvencións e axudas concederanse para financiar, total ou parcialmente, programas, proxectos ou actividades de cooperación internacional, incluíndo a acción humanitaria e as que se articulen a través de novos instrumentos de cooperación como apoios orzamentarios xerais, apoios orzamentarios sectoriais, fondos globais, fondos comúns, cooperación delegada ou triangular, ou outros.

#### Artigo 6. *Réxime xurídico.*

1. As subvencións e axudas reguladas neste título, en canto manifestacións singulares da política exterior do Goberno no marco da cooperación internacional e do exercicio de potestades discrecionais, están exceptuadas dos principios de publicidade e concorrencia.

2. No non previsto neste título, aplicarase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento, sempre que tal aplicación sexa compatible coa natureza ou destinatarios das subvencións e axudas.

#### Artigo 7. *Modalidades.*

1. As axudas a programas, proxectos ou actividades de cooperación internacional poderán adoptar algunha das seguintes modalidades:

- a) Subvencións.
- b) Axudas en especie, consistentes na entrega de bens, dereitos ou prestacións de servizos.
- c) Unha combinación das dúas anteriores.

2. Cando as axudas sexan en especie, a contratación dos bens, dereitos ou servizos, de ser necesaria, realizarase de conformidade coa lexislación en materia de contratos do sector público.

#### Artigo 8. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións e axudas reguladas neste título:

- a) Estados e organizacións internacionais de dereito público creadas por tratado ou acordo internacional.
- b) Institucións, organizacións non gobernamentais, persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, estranxeiras.

2. Os beneficiarios deberán ter capacidade xurídica e de obrar e a solvencia técnica e económica necesaria para executar a actividade subvencionada, aspectos que, para os beneficiarios indicados na alínea b) anterior, se farán constar nun informe da embaixada de España ou do centro directivo competente que realice a proposta.

#### Artigo 9. *Entidades colaboradoras.*

1. Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta dos órganos enunciados no artigo 4 deste real decreto, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios ou colabore na xestión da subvención ou axuda nos termos establecidos no artigo 12 da Lei 38/2003.

2. Poderán ser consideradas entidades colaboradoras, no ámbito da cooperación internacional, as organizacións internacionais, organizacións non gobernamentais e, en xeral, calquera organismo, ente e persoa xurídica, pública ou privada nacional das que se enumeran no artigo 12.2 e 3 da Lei 38/2003, que reúnan as condicións de solvencia e eficacia que se establezan.

3. Cando na xestión da subvención ou axuda interveña unha entidade colaboradora, formalizarase o correspondente contrato ou convenio de colaboración de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 38/2003.

4. O convenio de colaboración conterà, como mínimo, os aspectos previstos no artigo 16.3 da Lei 38/2003, e, en todo caso, fixará os criterios para a distribución e entrega das subvencións e axudas, así como o alcance e contido das tarefas que vai realizar a entidade colaboradora co fin de que se garanta a correcta execución da actividade prevista.

5. A selección da entidade colaboradora quedará sometida aos principios de publicidade e concorrencia, excepto cando, tratándose de entidades colaboradoras estranxeiras, non sexa posible promover a dita concorrencia atendendo ao tipo e finalidade da subvención ou axuda, ás condicións sociopolíticas e xeográficas do Estado en que se vai desenvolver a actividade ou a outras circunstancias concorrentes, ou cando se trate de entidades enunciadas no artigo 8.1 a) deste real decreto.

6. As entidades colaboradoras, sen prexuízo da súa nacionalidade ou do seu carácter, estarán sometidas ás obrigas establecidas no artigo 15 da Lei 38/2003.

## CAPÍTULO II

### Procedemento de concesión e pagamento

#### Artigo 10. *Procedemento de concesión.*

1. As subvencións e axudas reguladas neste título concederanse de acordo co procedemento previsto neste capítulo.

2. Tamén se poderán conceder as subvencións nominativas previstas nos orzamentos xerais do Estado, con cargo a programas orzamentarios de axuda oficial ao desenvolvemento, ás cales lles será de aplicación o previsto neste real decreto en canto a réxime de xustificación, control, reintegro e sancións, de acordo coa natureza dos seus beneficiarios.

3. As subvencións e axudas concederanse, en desenvolvemento da política exterior, ao abeiro do establecido en disposicións e resolucións do Goberno, en tratados e convenios internacionais, no Plan Director da Cooperación Española e nos plans anuais de cooperación internacional, en acordos bilaterais, en comisións mixtas ou noutros instrumentos internacionais.

4. O órgano competente para a instrución tramitará, previamente á concesión da subvención ou axuda regulada neste título, un expediente que deberá incorporar, en todo caso, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa en que se describirá a finalidade, causa, compromiso, acordo ou convenio e razón da actividade ou proxecto a que se destina a subvención ou axuda, a súa aplicación orzamentaria, o beneficiario e as condicións a que, de ser o caso, quede suxeita a entrega.

Farase constar o carácter singular da subvención ou axuda, a apreciación das circunstancias concorrentes e o instrumento de política exterior ao abeiro do cal se concede a subvención ou axuda de acordo co número 1 deste artigo.

b) Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento das subvencións ou axudas.

c) Autorización do Consello de Ministros, cando conorra o suposto establecido no artigo 10.2 da Lei 38/2003.

5. As subvencións ou axudas concederanse individualizadamente de oficio ou por instancia dos interesados, mediante a apreciación discrecional das circunstancias que concurran en cada caso.

6. As subvencións ou axudas concédense baixo reserva de revogación, ademais de polas causas previstas no artigo 21 deste real decreto, cando, logo de declaración por

acordo de Consello de Ministros, variasen as circunstancias ou razóns que aconsellaron o seu outorgamento, e sen prexuízo de resarcimento cando corresponda.

#### Artigo 11. *Resolución de concesión e aceptación do beneficiario.*

1. O órgano competente ditará a resolución de concesión da subvención ou axuda, en que se fará constar, polo menos:

- a) Identificación completa do beneficiario e, de ser o caso, da entidade colaboradora.
- b) Contía, modalidade e forma de entrega.
- c) Finalidade da subvención ou axuda, programa, proxecto ou actividade subvencionable e condicións da súa utilización.
- d) Partida orzamentaria a que se imputa o gasto.
- e) Prazo de execución.
- f) Prazo e forma de xustificación da finalidade para a cal se concedeu a subvención ou axuda e da aplicación dos fondos percibidos, con indicación, de ser o caso, da contía de custos indirectos admisibles.
- g) Réxime de seguimento e comprobación.
- h) Consecuencias derivadas do incumprimento ou da falta de xustificación da subvención ou axuda.
- i) Termos en que se poderán introducir modificacións sobre o acordado na resolución de concesión e réxime de autorización das ditas modificacións.
- j) Se é o caso, medidas de difusión ou publicidade que debe adoptar o beneficiario da contribución do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento ou de ambos.

2. O outorgamento e aceptación destas subvencións ou axudas suporá o sometemento por parte do beneficiario aos requisitos e condicións fixados para a utilización e destino da subvención ou axuda, así como ás condicións de control e xustificación que para cada caso, en virtude da natureza da subvención ou axuda, ou da entidade beneficiaria, resulten aplicables.

3. O beneficiario da subvención ou axuda, no momento da súa aceptación, presentará compromiso formal de reintegro no caso de que se produzan os supostos previstos no artigo 21 deste real decreto.

#### Artigo 12. *Modificación da resolución de concesión.*

1. Cando se verifiquen circunstancias que alteren as condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderase modificar a resolución de concesión de acordo co réxime de autorización establecido na dita resolución.

2. Naqueles supostos en que a modificación exixa a autorización da Administración concedente, por solicitude do interesado, ditarase e notificarase resolución concedendo ou denegando a modificación no prazo máximo de corenta e cinco días naturais desde a data de presentación da solicitude.

3. Transcorrido o prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase estimada a solicitude, sen que isto exima da obriga legal de resolver.

#### Artigo 13. *Ampliación do prazo de execución da actividade.*

1. O prazo de execución das actividades subvencionadas poderá ser ampliado sen necesidade de autorización previa ata un máximo de seis meses, e esta ampliación deberá ser notificada e xustificada ao órgano concedente con anterioridade á expiración do prazo inicial de execución.

2. Salvo previsión distinta no acto de concesión da subvención ou axuda, as ampliacións superiores ao prazo previsto no punto anterior requirirán de autorización previa do órgano concedente nos termos establecidos no artigo 12 deste real decreto.

#### Artigo 14. *Acordo de cooperación delegada.*

1. Sen prexuízo do previsto neste título, as subvencións e axudas que se formalicen mediante relacións de cooperación delegada exixirán a subscripción dun acordo en que queden reflectidos, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) A repartición detallada de responsabilidades, tanto entre institucións centrais como entre as sedes e as representacións locais de cada institución.
- b) A estratexia de cooperación conxunta e os instrumentos e modalidades que se van empregar.
- c) Os procedementos de xestión e xustificación aplicables, que serán preferentemente os do país mandatario.
- d) As regras administrativas e financeiras para realizar os desembolsos, que poderán ser plurianuais.
- e) Os mecanismos de seguimento, de avaliación e de control da calidade da xestión e dos resultados obtidos mediante os fondos achegados.
- f) O nivel e a forma de comunicación e de rendición de contas entre os socios.
- g) O nivel de visibilidade e de inactividade do socio mandante.

2. En todos os casos, a subvención ou axuda considerarase como axuda oficial ao desenvolvemento do socio mandante.

#### Artigo 15. *Pagamento.*

1. As subvencións poderán ser anticipadas nos termos previstos no artigo 34.4 da Lei 38/2003, e no artigo 88.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

2. No suposto de pagamentos sucesivos, que poderán ser plurianuais, poderanse condicionar as seguintes percepcións ao cumprimento dos requisitos que se establecesen na resolución de concesión ou á xustificación da parte previamente realizada, caso en que o acordo de concesión poderá determinar unha porcentaxe de execución a partir da cal se poderá solicitar o pagamento.

3. No caso de pagamentos anticipados, non procederá a constitución de garantías, salvo que a resolución de concesión o prevexa expresamente.

#### Artigo 16. *Publicidade.*

1. Os órganos concedentes publicarán trimestralmente no «Boletín Oficial del Estado» as subvencións e axudas concedidas ao abeiro deste título, con expresión do programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Tamén serán obxecto de publicación as renovacións e revogacións, cando as houber.

2. Poderase omitir o trámite de publicación no «Boletín Oficial del Estado» cando existan razóns de interese público ou de seguridade que así o aconsellen, do que deberá quedar reflexo no expediente.

### CAPÍTULO III

#### **Xestión e xustificación das subvencións**

#### Artigo 17. *Gastos subvencionables.*

1. Considéranse gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido



na resolución de concesión, sen que en ningún caso o seu custo poida ser superior ao valor de mercado do lugar onde se desenvolva a actividade. As condicións de subvencionalidade dos gastos e a súa xustificación virán determinadas na resolución de concesión da subvención.

2. A resolución de concesión poderá establecer, despois dos estudos económicos que procedan, a fracción do custo total que se considera custo indirecto imputable á actividade subvencionada, caso en que a dita fracción de custo non requirirá unha xustificación adicional.

#### Artigo 18. *Xustificación.*

1. Ás subvencións e axudas concedidas aos beneficiarios indicados no artigo 8.1.a) deste real decreto seranlles de aplicación as seguintes normas:

a) Os gastos realizaranse e acreditaranse de acordo coas correspondentes normas dos propios Estados ou organizacións internacionais beneficiarios das subvencións e axudas, e de acordo cos mecanismos establecidos nos acordos ou outros instrumentos internacionais que lles sexan de aplicación.

b) As resolucións de concesión establecerán o réxime de seguimento aplicable ás subvencións ou axudas e poderán acordar a existencia de comisións mixtas de seguimento, cuxa composición e normas básicas de funcionamento se determinarán, así mesmo, nas citadas resolucións.

2. Ás subvencións e axudas concedidas aos beneficiarios indicados no artigo 8.1.b) deste real decreto seralles de aplicación o réxime de xustificación previsto na Lei 38/2003 e na súa normativa de desenvolvemento, coas especialidades que se establecen no título II deste decreto.

#### Artigo 19. *Remanentes non investidos.*

Cando se cumprisen plenamente os obxectivos para os cales foi concedida a subvención ou axuda e por unha utilización eficiente dos recursos existan remanentes non investidos, incluíndo os posibles rendementos financeiros non aplicados á actividade subvencionada, poderase solicitar do órgano concedente a súa utilización na mesma actividade ou outra de análoga natureza que sexa financiada por algunha subvención ou axuda das reguladas neste real decreto e que estea executando o beneficiario.

Na solicitude detallarase a ampliación dos obxectivos do proxecto finalizado ou en curso, segundo os casos, e o correspondente orzamento.

O órgano concedente resolverá modificando a resolución de concesión da subvención a que se vaia aplicar o remanente ou acordando a devolución dos remanentes descritos.

#### Artigo 20. *Ampliación do prazo de xustificación.*

1. O prazo de xustificación poderá ser ampliado polo órgano concedente de oficio ou por solicitude do beneficiario.

2. O órgano concedente ditará e notificará resolución concedendo ou denegando a ampliación dos prazos. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.

3. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación o prazo de xustificación se xa venceu.



## CAPÍTULO IV

### Réxime de control, reintegro e sancións

Artigo 21. *Réxime de control, reintegro e sancións.*

1. Ás subvencións e axudas concedidas aos beneficiarios indicados no artigo 8.1.a) deste real decreto seranlles de aplicación as seguintes normas:

a) Sen prexuízo das actuacións de seguimento, comprobación e control financeiro que poidan efectuar os órganos competentes da Administración do Estado no ámbito das súas competencias, os fondos entregados serán obxecto de control segundo o previsto nas correspondentes normas dos propios Estados ou organizacións internacionais.

b) Serán causa de reintegro ou de perda do dereito á percepción da subvención ou axuda as seguintes:

- 1.º O incumprimento total ou parcial da finalidade da subvención ou axuda.
- 2.º A falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- 3.º A obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para isto.
- 4.º Outras que se establezan, se é o caso, na resolución de concesión.

c) Procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade desenvolvida nos supostos en que o importe subvencionado sexa de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

d) Non será de aplicación a estas subvencións e axudas o réxime sancionador previsto na Lei 38/2003.

2. Ás subvencións e axudas aos beneficiarios indicados no artigo 8.1.b) seranlles de aplicación o réxime de control, reintegros e sancións previsto na Lei 38/2003 e na súa normativa de desenvolvemento, así como os puntos segundo e terceiro do artigo 46 deste real decreto.

## TÍTULO II

### Subvencións e axudas de cooperación internacional para o desenvolvemento sometidas aos principios de publicidade e concorrencia

## CAPÍTULO I

### Disposicións comúns

Artigo 22. *Obxecto das subvencións e axudas.*

1. Regúlanse neste título as subvencións e axudas para a realización de actuacións en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento con cargo a programas orzamentarios de axuda oficial ao desenvolvemento.

2. Consideranse actuacións en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento:

a) As realizadas en países receptores de axuda oficial ao desenvolvemento, relativas a acción humanitaria, cooperación ao desenvolvemento ou accións vinculadas ao codesenvolvemento.

b) As realizadas en España cando os beneficiarios últimos da actividade procedan de países receptores de axuda oficial ao desenvolvemento e se encontren inseridos nalgún programa ou proxecto para o impulso do desenvolvemento dos seus países de orixe.

c) As actividades de sensibilización e educación para o desenvolvemento, investigación e estudos para o desenvolvemento que se executen en España.

#### Artigo 23. *Réxime xurídico.*

1. As subvencións e axudas reguladas neste título someteranse aos principios de publicidade e concorrência establecidos na Lei 38/2003 e na súa normativa de desenvolvemento, así como ás correspondentes bases reguladoras e resolucións de convocatoria aprobadas ao seu abeiro.

2. Este título ten o carácter de bases reguladoras das subvencións e axudas a que fai referencia o artigo anterior, sen prexuízo de que os titulares dos diferentes departamentos ministeriais competentes poidan aprobar bases reguladoras de desenvolvemento das previsións contidas neste real decreto.

#### Artigo 24. *Modalidades.*

1. As axudas a programas, proxectos ou actividades de cooperación internacional para o desenvolvemento poderán adoptar algunha das seguintes modalidades:

- a) Subvencións.
- b) Axudas en especie, consistentes na entrega de bens, dereitos ou prestacións de servizos.
- c) Unha combinación das dúas anteriores.

2. Cando as axudas sexan en especie a contratación dos bens, dereitos ou servizos, de ser necesaria, realizarase de conformidade coa lexislación en materia de contratos do sector público.

#### Artigo 25. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións ou axudas as persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, públicas ou privadas, españolas ou estranxeiras, que por razón dos fins, obxecto ou ámbito de actividade poidan levar a cabo actuacións no ámbito da cooperación internacional ao desenvolvemento.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarios das subvencións ou axudas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica que, cumprindo os requisitos establecidos nas correspondentes bases reguladoras ou normativa de desenvolvemento, subscribisen en documento privado un acordo de colaboración para a realización conxunta da actividade subvencionada e designasen unha das persoas ou organizacións como representante da agrupación ante o órgano administrativo concedente.

3. Para todos os efectos, o beneficiario da subvención ou axuda será o responsable da súa execución e correcta xustificación ante o órgano concedente, independentemente de que a súa execución fose realizada total ou parcialmente por socios locais ou contrapartes estranxeiras.

## CAPÍTULO II

### Procedemento de concesión e pagamento

#### Artigo 26. *Procedemento de concesión.*

As subvencións e axudas a que fai referencia este título concederanse de acordo co establecido na Lei 38/2003 e nas súas correspondentes bases reguladoras e normativa de desenvolvemento e someteranse en todo caso aos principios de:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

*Artigo 27. Pagamento.*

1. Salvo previsión expresa en contrario na base reguladora de desenvolvemento da subvención, as subvencións serán anticipadas.

2. No suposto de pagamentos sucesivos, que poderán ser plurianuais, poderanse condicionar as seguintes percepcións ao cumprimento dos requisitos que se establecesen na resolución de concesión ou á xustificación da parte previamente realizada, caso en que a base reguladora de desenvolvemento da subvención poderá determinar unha porcentaxe de execución a partir da cal se poderá solicitar o pagamento.

3. No caso de pagamentos anticipados non procederá a constitución de garantías, salvo que a resolución de concesión o prevexa expresamente.

### CAPÍTULO III

#### **Xestión e xustificación das subvencións**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Execución da actividade subvencionada*

*Artigo 28. Prazo de execución da actividade subvencionada.*

1. As resolucións de convocatoria deberán especificar o momento desde o cal se permite o inicio da actividade e os prazos admisibles de imputación de gasto.

2. O prazo de execución das actividades subvencionadas reguladas neste título poderá ser ampliado sen necesidade de autorización previa ata un máximo de tres meses. Esta ampliación deberá ser notificada ao órgano xestor con anterioridade á expiración do prazo inicial de xustificación e entenderase automaticamente ampliado este último coa dita notificación.

Salvo previsión distinta da normativa reguladora de desenvolvemento da subvención ou axuda, as ampliacións superiores a este prazo requirirán de autorización previa do órgano concedente, nos termos establecidos no artigo 12 deste real decreto.

*Artigo 29. Execución da subvención ou axuda por socios locais ou contrapartes estranxeiras.*

1. A execución total ou parcial da subvención ou axuda por parte de socios locais ou contrapartes estranxeiras non será considerada como subcontratación, para os efectos do artigo 29 da Lei 38/2003. Estes socios locais ou contrapartes deberán figurar adecuadamente identificados no proxecto ou proposta de actuación.

2. Salvo previsión distinta da normativa reguladora de desenvolvemento da subvención ou axuda, calquera modificación dos socios locais ou contrapartes deberá contar coa autorización previa do órgano concedente.

##### *Sección 2.<sup>a</sup> Financiamento da actividade subvencionada*

*Artigo 30. Aplicación dos rendementos financeiros.*

1. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada, coas mesmas condicións que aquela, sen prexuízo do previsto no artigo seguinte, salvo que, por razóns debidamente motivadas, se dispoña o contrario na normativa de desenvolvemento da subvención.

2. Este artigo non será de aplicación nos supostos en que o beneficiario sexa unha Administración pública.

*Artigo 31. Remanentes non investidos.*

1. Cando se cumprisen plenamente os obxectivos para os cales foi concedida a subvención ou axuda e por unha utilización eficiente dos recursos existan remanentes non investidos, incluíndo os posibles rendementos financeiros non aplicados á actividade subvencionada, poderase solicitar do órgano concedente a súa utilización na mesma actividade ou outra de análoga natureza que sexa financiada por algunha subvención ou axuda das reguladas neste real decreto e que estea executando o beneficiario.

Na solicitude detallarase a ampliación dos obxectivos do proxecto finalizado ou en curso, segundo os casos, e o correspondente orzamento.

2. O órgano concedente resolverá modificando a resolución de concesión da subvención ou axuda a que se vaia aplicar o remanente ou acordando a devolución dos remanentes descritos.

*Sección 3.<sup>a</sup> Xustificación de subvencións e axudas*

*Artigo 32. Presentación da documentación xustificativa do gasto.*

1. Os gastos xustificaranse mediante facturas, recibos, tickets e demais documentos con valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa no lugar de realización do negocio xurídico, en orixinal ou fotocopia compulsada ou legalizada, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención e axuda.

A documentación orixinal xustificativa do gasto destas subvencións ou axudas deberá estar debidamente estampillada acreditando, polo menos, a orixe do financiamento.

A normativa reguladora da subvención ou axuda indicará, se é o caso, os xustificantes de gasto que poden ser acreditados por vía electrónica, informática ou telemática, no marco establecido polo ordenamento xurídico.

2. Cando o beneficiario sexa unha entidade española ou con capacidade de obrar en España, a documentación requirida durante o seguimento e posterior xustificación da subvención ou axuda, poderá ser substituída con carácter provisional por copia simple ou dixitalizada, dilixenciada polo responsable da entidade ou persoa que este designe para o efecto, na cal se declare responsablemente a correspondencia cos documentos orixinais.

Presentarase, así mesmo, declaración responsable en que se indique o lugar de depósito dos ditos orixinais, así como o compromiso de presentar estes orixinais ou as súas copias debidamente compulsadas cando sexan requiridos polo órgano xestor da subvención ou axuda.

*Artigo 33. Xustificación de proxectos con varias administracións públicas concedentes de subvencións ou axudas.*

1. A conta xustificativa que renda un beneficiario aos órganos competentes da Administración do Estado, nos supostos en que a actividade subvencionada obtivese financiamento doutras administracións públicas, conterà en todo caso a memoria técnica a que se refire o artigo 35.3 a) deste real decreto e unha relación clasificada dos gastos e investimentos de toda a actividade subvencionada, co detalle que se estableza na normativa reguladora de desenvolvemento da subvención ou axuda.

2. Cando nun programa, proxecto ou actividade concorran varias subvencións ou axudas procedentes doutras administracións públicas, o beneficiario deberá xustificar ao órgano concedente da Administración do Estado o importe de gasto por el subvencionado, proporcionándolle información, nos termos que se establezan na normativa reguladora de desenvolvemento da subvención ou axuda, que garanta que se executaron os fondos achegados por outras administracións públicas.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento poderán promover a realización de

convenios con outras administracións públicas para o intercambio de información para estes efectos.

3. Perante o órgano concedente, os requisitos de xustificación previstos neste título e, suplementariamente, na Lei 38/2003 e no seu regulamento xeral de desenvolvemento, acreditaranse exclusivamente respecto dos fondos procedentes da subvención ou axuda por el concedida. Respecto do resto das achegas deberase acreditar unicamente a aplicación dos fondos ás actividades previstas, para o cal será suficiente a acreditación mediante certificacións emitidas polo resto das administracións públicas que financiasen o programa, proxecto ou actividade.

De non estaren dispoñibles estas certificacións poderán ser utilizados medios alternativos de verificación da execución deses gastos, que poderán consistir na realización dunha comprobación por mostraxe dos xustificantes imputados ás achegas doutras administracións públicas. Para estes efectos, o beneficiario poderá achegar constancia da entrega da documentación xustificativa ás administracións públicas cofinanciadoras, ás cales se poderá dirixir directamente a súa solicitude de acreditación da presentación da xustificación.

4. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou achegas finalistas, supere o custo da actividade subvencionada. O beneficiario informará o órgano concedente da obtención doutros recursos nos informes de seguimento e finais, en función do momento en que se obtivesen.

5. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das funcións de comprobación da xustificación das subvencións e axudas que os órganos competentes das administracións públicas teñen atribuídas.

#### Artigo 34. *Prazo de xustificación.*

1. O prazo para a presentación da xustificación da subvención ou axuda será de tres meses desde a data de finalización da actuación subvencionada. No caso de que os informes de seguimento e xustificación parcial ou final incorporen informe de auditor de contas e/ou de avaliación técnica, este prazo ampliarase a seis meses, para permitir a súa presentación conxunta.

2. No caso de subvencións ou axudas executadas no estranxeiro ou por beneficiarios estranxeiros, o prazo para a emenda de defectos das xustificacións parciais ou totais e para achega da documentación complementaria requirida polo órgano que efectuase a revisión, será de corenta e cinco días hábiles. Naquelas administracións públicas en que estean habilitados medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, poderase presentar a documentación por medio destes.

#### Artigo 35. *Modalidades de xustificación das subvencións ou axudas.*

1. O procedemento de xustificación rexerese polo establecido na Lei 38/2003, así como na normativa reguladora de desenvolvemento das subvencións, coas especialidades que se conteñen neste título.

2. De acordo co establecido na Lei 38/2003 e no seu regulamento xeral de desenvolvemento, a xustificación das subvencións poderase realizar conforme a modalidade de conta xustificativa do gasto realizado, que poderá ser con achega de xustificantes de gasto ou con achega de informe de auditor de contas, mediante a presentación de estados contables, ou mediante combinación de varias destas modalidades, ou outras que se establezan na normativa reguladora.

3. En todo caso, a xustificación das subvencións ou axudas estará integrada por:

a) Unha memoria técnica, que especificará co máximo detalle os obxectivos alcanzados, os resultados obtidos e as actividades realizadas, sobre os cales fornecerá datos relevantes e fontes de verificación obxectivas e se establecerán os criterios para a avaliación tanto dos procesos de execución como do cumprimento dos obxectivos establecidos.

b) A xustificación económica, que comprenderá a documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á intervención que se subvenciona, nos termos previstos neste real decreto e nas normas de desenvolvemento que se diten en cada caso.

*Artigo 36. Conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto.*

Na modalidade de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, a xustificación económica estará formada, como mínimo, por:

a) A listaxe dos gastos realizados, clasificados por partidas e por datas, con indicación do número de xustificante, o importe e a data.

b) Os documentos xustificativos dos gastos, orixinais ou copias compulsadas, ordenados segundo a listaxe, así como dos pagamentos; poderase establecer a entrega destes documentos nun momento posterior á entrega da conta xustificativa, nos termos previstos no artigo 32.2 deste real decreto. Neste caso, o requirimento poderá afectar a totalidade dos documentos ou unha mostra determinada polo órgano xestor.

c) Relación detallada doutros ingresos, subvencións ou axudas, públicos ou privados, que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Os documentos orixinais ou copias compulsadas, acreditativos dos tipos de cambio.

e) Cadro comparativo do orzamento por partidas aprobado e executado, indicando as desviacións acaecidas.

*Artigo 37. Conta xustificativa con informe de auditor de contas.*

1. A conta xustificativa con achega de informe de auditor comprenderá, como mínimo, ademais da memoria técnica a que se refire o artigo 35.3 a) deste real decreto, o cadro comparativo do orzamento por partidas, aprobado e executado, e o informe do auditor, non sendo necesaria neste caso a posterior presentación de facturas e recibos, salvo previsións ao respecto en canto ao exercicio de funcións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes.

2. O informe deberá estar realizado por un auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e non será necesario que este informe sexa realizado polo mesmo auditor que, de ser caso, realice a auditoría das contas anuais do beneficiario.

3. En caso de que o informe sobre a conta xustificativa por parte dun auditor de contas se produza no estranxeiro, poderá ser realizada por auditores exercentes no país onde se deba levar a cabo, sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas no citado país, o informe previsto neste artigo poderá ser realizado por un auditor establecido nel, sempre que a súa designación a leve a cabo o órgano concedente, ou sexa ratificada por este a proposta do beneficiario, de acordo cuns criterios técnicos que garantan a adecuada calidade.

4. O auditor de contas realizará o informe sobre a conta xustificativa de acordo co establecido na orde aprobada en desenvolvemento da previsión contida no artigo 74 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, coas seguintes particularidades:

a) Para o estudo e revisión da documentación xustificativa, os auditores poderán utilizar técnicas de mostraxe de acordo coas prácticas habituais xeralmente aceptadas na auditoría de contas.

b) No caso de que a actividade subvencionada fose executada en todo ou en parte por un socio local ou contraparte estranxeira, non será exixible que os documentos xustificativos do gasto da subvención fosen reflectidos nos rexistros contables do beneficiario, caso en que o alcance da revisión do auditor se estenderá ás contas do socio local ou contraparte.



5. No caso de que se requiran actuacións posteriores de comprobación por parte do órgano xestor, estas poderanse realizar no lugar onde se encontre arquivada a documentación xustificativa do gasto. En caso de que isto non sexa posible e se requira o beneficiario para que presente a dita documentación e esta se encontre depositada nas oficinas do seu socio local ou contraparte, deberáse outorgar un prazo de tempo suficiente para recadala, prazo que será establecido de oficio ou por instancia do interesado polo órgano concedente.

6. En calquera caso, o prazo máximo de revisión por parte do órgano xestor terminará catro anos despois da presentación do informe final que inclúa a conta xustificativa con informe de auditor. O cómputo deste prazo interromperase de acordo co establecido no artigo 39.3 da Lei 38/2003.

#### Artigo 38. *Outras modalidades de xustificación.*

A normativa reguladora de desenvolvemento da subvención poderá prever tamén a utilización doutras modalidades de xustificación, ao abeiro do previsto na Lei 38/2003 e no seu regulamento xeral de desenvolvemento, na medida en que respondan e se adapten á natureza da subvención.

#### Artigo 39. *Xustificación en situacións excepcionais.*

1. En caso de se produciren situacións excepcionais debidamente acreditadas, tales como desastres naturais, enfrontamentos armados ou crises humanitarias, que dificulten ou mesmo imposibiliten dispor da adecuada documentación soporte xustificativa do gasto, o órgano concedente poderá aceptar outras formas de xustificación, como informes de taxadores debidamente acreditados e inscritos no correspondente rexistro oficial, declaración de testemuñas, constatación dos resultados ou actividades desenvolvidas, declaración responsable de provedores, ou outras de similar valor probatorio.

2. Estes medios de xustificación deberán estar referendados por algún dos órganos de representación españois no país de execución, oficinas técnicas de cooperación, embaixadas ou consulados ou, no seu defecto, pola embaixada do país da Unión Europea que exerza a representación de España.

En caso de operacións humanitarias dirixidas polas Nacións Unidas, a certificación ou referendo poderá ser emitida polo organismo das Nacións Unidas que coordine os traballos sobre o terreo.

### CAPÍTULO IV

#### Gastos subvencionables

#### Artigo 40. *Documentación xustificativa dos gastos imputados á subvención ou axuda.*

1. Os gastos poderán ser xustificados, nos termos previstos no artigo 32.1 desta norma, mediante facturas, recibos ou outros documentos a que se lles recoñeza valor probatorio, entre os cales se inclúe a certificación de execución de actividades a que fai referencia o artigo 41 deste real decreto.

As facturas, recibos e outros documentos do tráfico xurídico mercantil que se emitan por razón de operacións ou negocios xurídicos levados a cabo no país de realización da actividade subvencionada deberanse expedir nos termos que estableza a lexislación local do país de execución, aínda que esta circunstancia deberá estar debidamente acreditada coa presentación da propia norma ou dun documento oficial, ou de declaración da oficina técnica de cooperación española no país, ou ben da embaixada ou oficina consular en España do país en cuestión ou, no seu defecto, da embaixada do país da Unión Europea que exerza a representación de España.

2. Considéranse facturas, para os efectos desta normativa, os documentos que sexan considerados como tales no tráfico mercantil no lugar de realización do gasto.



3. No caso dos gastos realizados en países receptores de axuda oficial ao desenvolvemento dentro de actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento, poderanse utilizar tamén, como xustificantes de gasto, os recibos, xa sexan estes recibos de caixa, é dicir, documentos emitidos pola mesma entidade ou suxeito que efectúa o pagamento e asinados polo provedor dos bens ou servizos acreditando desta forma que recibiu o importe indicado nel, ou recibos emitidos polos propios provedores cando estes operan en mercados informais.

A utilización de recibos deberá ser, como criterio xeral, autorizada con carácter previo polo órgano concedente e tamén poderá ser validada posteriormente polo mesmo órgano sempre que este coide que a autorización se tería concedido de se ter solicitado con carácter previo.

4. Poderán así mesmo utilizarse recibos en lugar de facturas, sexa cal for o seu importe ou a contía que representen sobre a subvención concedida e sen necesidade de autorización previa, sempre que na documentación xustificativa se inclúa acreditación de que os perceptores de tales pagamentos non están suxeitos á obriga de emitir facturas no país en que se efectuou o gasto.

Esta acreditación deberá ser realizada mediante a presentación da correspondente norma ou dun documento oficial expedido por un organismo público competente ou, en caso de que non sexa posible, por un órgano de representación de España no país, embaixada, consulado ou oficina técnica de cooperación ou, no seu defecto, pola embaixada do país da Unión Europea que exerza a representación de España.

#### Artigo 41. *Certificados de execución de actividades.*

1. Enténdese por certificación de execución de actividades a certificación por parte da Administración concedente de que se levou a cabo a execución dunha actividade para a cal foran previamente orzados e aprobados polo órgano concedente o conxunto de gastos necesarios para a súa realización. A certificación da efectiva execución por parte da Administración constitúe por si mesma un xustificante único de gasto da actividade.

2. Poderanse acreditar gastos por medio dunha certificación de execución de actividades respecto daqueles recollidos na solicitude de subvención previamente aprobada polo órgano concedente ou nas súas modificacións debidamente autorizadas.

3. Solicitarase ao órgano concedente autorización para o uso de certificación de execución de actividades coa indicación precisa da partida ou partidas orzamentarias en que se deberá incluír esta e presentando unha reformulación do orzamento no caso de que sexa necesario.

A proposta deberá ir acompañada do orzamento da actividade que hai que certificar, no cal se expliquen os gastos que compoñen cada unidade, xunto con certificación da súa adecuación aos prezos de mercado e da factibilidade da comprobación da súa execución, que será emitida polo órgano que determine a Administración concedente.

O orzamento expresarase na moeda en que vaia ser realizado o gasto, e aplicaráselle para a determinación final do seu importe a taxa de inflación oficial do período comprendido entre a súa aprobación e a certificación da súa execución.

Salvo previsión distinta da normativa reguladora da subvención, o órgano concedente emitirá resolución aceptando ou denegando a proposta, no prazo de 30 días desde a súa recepción.

A comprobación e certificación da execución será realizada polo órgano que determine a Administración concedente.

4. Os supostos en que se poderá utilizar este tipo de xustificantes serán os seguintes:

- a) Cursos de capacitación, formación ou divulgación.
- b) Gastos en infraestruturas e construción.
- c) Traballos que realice a propia entidade subvencionada ou a contraparte utilizando medios materiais e persoais habituais, pero de forma diferenciada, e aplicable a custos

directos de execución non imputables ao financiamento achegado pola contraparte (valorizacións).

d) Outros cuxa procedencia de xustificación por certificación de execución de actividades se determine por proposta do beneficiario e sexa aprobada polo órgano concedente.

5. Para que sexa factible a utilización de certificacións de execución de actividades, será necesario que se cumprisen os seguintes requisitos previos:

a) Que se dispoña dun orzamento cuantificado e detallado desagregado en unidades identificables á hora de comprobar a súa execución, referido á actividade ou actividades cuxa execución se deberá xustificar.

b) Que os prezos aplicados a estas unidades non sexan superiores aos de mercado no país onde se vaia levar a cabo a execución do proxecto.

c) Que a Administración concedente dispoña de medios propios ou postos ao seu dispor por outras administracións para a verificación da efectiva execución das actividades que hai que certificar.

6. Salvo previsión distinta da normativa reguladora da subvención, os gastos xustificables mediante certificacións de execución de actividades referiranse só a aqueles que sexan financiados coa subvención e nunca poderán incluír valorizacións de traballos realizados polo socio local e formulados como financiamento local do proxecto.

#### Artigo 42. *Custos indirectos.*

As cantidades imputadas á subvención en concepto de custos indirectos, dentro do período de execución da intervención e das porcentaxes autorizadas polas correspondentes bases reguladoras, cos estudos económicos previos que procedan, non precisarán de xustificación.

#### Artigo 43. *Anticipo de fondos para impostos susceptibles de recuperación.*

1. No ámbito das subvencións reguladas neste título, os impostos susceptibles de recuperación serán atendidos por un anticipo con cargo á subvención concedida mentres non sexan efectivamente recuperados. No momento da presentación da xustificación da subvención concedida, presentarase, se é o caso, declaración responsable de non ter recuperado os ditos impostos, acompañada, salvo previsión distinta da normativa reguladora da subvención, de certificado da Administración tributaria de orixe acreditando que non se produciu a dita recuperación ou, en caso de manifesta imposibilidade de obter o dito certificado, de acreditación deste extremo emitida polo órgano da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento no exterior ou pola embaixada de España.

2. Se a recuperación dos ditos impostos se produce durante o prazo de execución do proxecto ou actividade, os importes recuperados serán aplicados a sufragar gastos vinculados á actividade, dentro do seu prazo de execución, sen que sexa necesaria autorización previa do órgano concedente, salvo que a súa aplicación implique cambios ou modificacións que afecten obxectivos, resultados, localización territorial, sociolocal ou contraparte ou poboación beneficiaria.

3. En caso de que a recuperación se produza nos catro anos seguintes á finalización do prazo de execución da actividade, o beneficiario poderá propor a súa aplicación a actividades asociadas ou complementarias á actuación subvencionada. O órgano concedente emitirá resolución de autorización ou denegación da aplicación dos fondos, indicando, en caso de aprobación, o prazo de execución e xustificación destes. Se a resolución é denegatoria procederáse á devolución do anticipo.

4. A obriga de devolver á Administración concedente os impostos recuperados subsistirá durante catro anos desde a presentación da xustificación, ao cabo dos cales, de non se ter recuperado aínda os impostos, se deberá emitir declaración responsable

acreditando a dita circunstancia, acompañada, salvo previsión distinta da normativa reguladora da subvención, de novo certificado da Administración tributaria de orixe acreditando que non se produciu a dita recuperación.

Artigo 44. *Acreditación do valor dos bens adquiridos con cargo á subvención.*

A previsión feita no artigo 30.5 da Lei 38/2003 poderá ser substituída, para as actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento realizadas no exterior, por outros documentos tales como declaracións de autoridades públicas locais con competencia acreditada en valoración de bens inmoables.

Artigo 45. *Trocos de moeda.*

1. As operacións de troco de moeda realizaranse en todos os casos en mercados oficiais e deberanse acreditar cos xustificantes emitidos polas entidades que operan nos ditos mercados, salvo que non existan os ditos mercados, extremo que deberá ser acreditado por algún dos órganos de representación españois no país de execución, oficinas técnicas de cooperación, embaixadas ou consulados ou, no seu defecto, pola embaixada do país da Unión Europea que exerza a representación de España. En caso de operacións humanitarias dirixidas polas Nacións Unidas, a acreditación desta circunstancia poderá ser emitida polo organismo das Nacións Unidas que coordine os traballos sobre o terreo.

2. Para a aplicación dos tipos de troco documentados á elaboración da conta xustificativa, a entidade beneficiaria poderá optar por calquera sistema admitido contablemente, explicando o sistema utilizado nos informes de xustificación.

3. Salvo previsión distinta na normativa reguladora da subvención, na xestión e xustificación dunha mesma subvención non se poderán utilizar diferentes sistemas de aplicación dos tipos de troco.

## CAPÍTULO V

### Réxime de control, reintegro e sancións

Artigo 46. *Réxime de control, reintegro e sancións.*

1. O réxime de control, reintegro e sancións rexerase pola Lei 38/2003.

2. Son causas de nulidade ou anulabilidade dos actos de concesión das subvencións as previstas no artigo 36 da Lei 38/2003. De acordo co establecido no artigo 106 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as facultades de revisión non poderán ser exercidas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.

3. Cando se producise un incumprimento parcial dos obxectivos específicos do programa, proxecto ou actividade, e, en particular, en caso de se produciren situacións excepcionais debidamente acreditadas, tales como desastres naturais, enfrontamentos armados ou crises humanitarias, que dificulten ou imposibiliten a súa execución total, o reintegro ou a perda do dereito ao cobramento da subvención non afectará as cantidades investidas nos obxectivos cumpridos.

## TÍTULO III

### Subvencións e axudas de concesión directa para intervencións de acción humanitaria

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións comúns

##### Artigo 47. *Obxecto das subvencións e axudas.*

1. Regúlanse neste título as subvencións e axudas destinadas a apoiar as intervencións de acción humanitaria definidas no artigo 2.i) deste real decreto, nas condicións establecidas nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, e no artigo 67 do seu regulamento xeral de desenvolvemento.

2. Poderanse conceder de forma directa estas subvencións e axudas cando a necesidade de actuar por razóns humanitarias teña un carácter urxente e inmediato, a eficacia na resposta dependa da súa rapidez ou a seguridade do beneficiario da subvención ou da poboación destinataria da axuda o aconsellen, quedando exceptuadas dos principios de publicidade e concorrencia.

3. En concreto, poderanse conceder directamente as subvencións e axudas nos seguintes casos:

a) Para as actuacións previstas no artigo 2.h).1 deste real decreto relativas a prevención, e ante a necesidade dunha actuación preventiva inmediata e perentoria por causas humanitarias, cando o órgano concedente poida constatar obxectivamente que existe un alto risco inminente de se producir un desastre natural, crises sobrevidas ou outro tipo de emerxencias humanitarias como epidemias, ou que existe un alto risco de se producir unha emerxencia humanitaria no caso de conflitos armados.

b) Para as actuacións previstas no artigo 2.h).2 deste real decreto relativas a atención de emerxencias e ante a necesidade dunha actuación inmediata por causas humanitarias para atender unha emerxencia xa sobrevida, durante o tempo inmediatamente posterior á data de produción do desastre natural ou á data de produción do evento xerador da emerxencia humanitaria -bombardeo ou desprazamento masivo de poboación civil, entre outras causas- no caso de conflitos armados.

c) Para as actuacións previstas no artigo 2.h).3 deste real decreto relativas á atención a crises crónicas, cando se produza un evento que agrava a situación de poboacións afectadas por emerxencias concretas, crises crónicas ou crises recorrentes.

d) Para as actuacións previstas no artigo 2.h).4 deste real decreto relativas á rehabilitación ou recuperación temperá, cando se presenten circunstancias imprevistas, como acordos de paz, desmobilización ou outras, ou un substancial agravamento da situación que exixan medidas urxentes de rehabilitación temperá.

e) Para as actuacións previstas no artigo 2.h).5 deste real decreto relativas á protección de vítimas, cando o órgano concedente poida constatar obxectivamente a existencia dun alto risco de produción inmediata dun evento que exixa medidas de protección á poboación civil.

4. O órgano competente para a concesión da subvención ou axuda determinará a través dos instrumentos que se diten en desenvolvemento deste título as formas de acreditación obxectiva, os procedementos e os prazos máximos de concesión de subvencións e axudas nos casos previstos neste artigo.

##### Artigo 48. *Réxime xurídico.*

1. As subvencións e axudas reguladas neste título, en canto están motivadas en razóns de carácter humanitario e teñen un carácter urxente e inmediato, están exceptuadas dos principios de publicidade e concorrencia.

2. No non previsto neste título, aplicarase a Lei 38/2003 e a súa normativa de desenvolvemento, sempre que tal aplicación sexa compatible coa natureza ou destinatarios das subvencións e axudas.

#### Artigo 49. *Modalidades.*

1. As axudas destinadas a apoiar as intervencións de acción humanitaria poderán adoptar algunha das seguintes modalidades:

- a) Subvencións.
- b) Axudas en especie, consistentes na entrega de bens, dereitos ou prestacións de servizos.
- c) Unha combinación das dúas anteriores.

2. Cando as axudas sexan en especie, a contratación dos bens, dereitos ou servizos, de ser necesaria, realizarase de conformidade coa lexislación en materia de contratos do sector público.

#### Artigo 50. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións e axudas reguladas neste título:

a) Estados e organizacións internacionais de dereito público creadas por tratado ou acordo internacional.

b) Persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, que, pola súa presenza, experiencia e implantación, constitúan a única ou preferente vía de acceso da acción humanitaria española a unha determinada zona. Destas circunstancias, así como da súa capacidade xurídica e de obrar e da súa solvencia técnica e económica na medida en que sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade, deberá quedar debido reflexo no expediente mediante informe emitido pola embaixada de España ou polo centro directivo competente que realice a proposta.

c) Entidades españolas sen ánimo de lucro que obtivesen da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento a acreditación como ONGD cualificada de acordo co procedemento establecido na orde pola que se regulan as bases para a concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, para a realización de intervencións en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, dentro de cuxa misión estatutaria se encontre a acción humanitaria.

d) Entidades que obteñan unha acreditación especial para intervencións de carácter humanitario de acordo co procedemento que oportunamente estableza a Administración concedente, en virtude de criterios de acreditada experiencia e solvencia técnica e económica.

e) Persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, afectadas por situacións de desastres ou conflitos ou en risco inminente de sufriren as súas consecuencias, que sexan beneficiarias directas da intervención de acción humanitaria.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarios das subvencións e axudas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica que se encontren incluídas entre as relacionadas, que subscribisen en documento privado un acordo de colaboración para a realización conxunta da actividade subvencionada e designasen unha das persoas ou organizacións como representante da agrupación ante a administración concedente.

#### Artigo 51. *Entidades colaboradoras.*

Cando na xestión da subvención ou axuda interveña unha entidade colaboradora, aplicarase o previsto ao respecto no título I deste real decreto.

## CAPÍTULO II

**Procedemento de concesión e pagamento***Artigo 52. Procedemento de concesión.*

1. En virtude do disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 67 do seu regulamento xeral de desenvolvemento, as subvencións e axudas para as intervencións a que se refire este título concederanse de forma directa, exceptuando os principios de publicidade e concorrència, sen prexuízo de que cando sexa posible promover a concorrència se poderán conceder subvencións e axudas de acordo co previsto no título II deste real decreto.

2. O órgano competente para a instrución tramitará, previamente á concesión da subvención ou axuda regulada neste título, un expediente que deberá incorporar, en todo caso, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa en que describirá a finalidade, causa, compromiso, acordo ou convenio e razón da actividade ou proxecto a que se destina a subvención ou axuda, a súa aplicación orzamentaria, o seu beneficiario e as condicións a que, se é o caso, quede suxeita a entrega.

Farase constar o carácter singular da subvención ou axuda, a apreciación das circunstancias concorrentes, o instrumento en que se manifeste o carácter urxente e inmediato da actuación, os criterios utilizados para a selección do beneficiario da subvención ou axuda e as razóns de carácter humanitario que inspiran a súa concesión ao abeiro dun dos supostos previstos no artigo 47 deste real decreto.

b) Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento das subvencións ou axudas.

c) Autorización do Consello de Ministros, cando concorra o suposto establecido no artigo 10.2 da Lei 38/2003.

3. As subvencións ou axudas concederanse individualizadamente de oficio ou por instancia dos interesados, mediante a apreciación discrecional das razóns de carácter humanitario que concorran en cada caso.

4. As subvencións ou axudas concédense baixo reserva de revogación, ademais de polas causas previstas no artigo 21 deste real decreto, cando, logo de declaración por acordo de Consello de Ministros, variasen as circunstancias ou razóns que aconsellaron o seu outorgamento, e sen prexuízo de resarcimento cando corresponda.

*Artigo 53. Resolución de concesión e aceptación do beneficiario.*

1. O órgano competente ditará a resolución de concesión da subvención ou axuda, en que se fará constar, polo menos:

a) A identificación completa do beneficiario e, se é o caso, da entidade colaboradora.

b) A contía, modalidade e forma de entrega.

c) A finalidade da subvención ou axuda, programa, proxecto ou actividade subvencionable e condicións da súa utilización.

d) A partida orzamentaria a que se imputa o gasto.

e) O prazo de execución.

f) O prazo e forma de xustificación da finalidade para a cal se concedeu a subvención ou axuda e da aplicación dos fondos percibidos, con indicación, se é o caso, da contía de custos indirectos admisibles.

g) O réxime de seguimento e comprobación.

h) As consecuencias derivadas do incumprimento ou da falta de xustificación da subvención ou axuda.



i) Os termos en que se poderán introducir modificacións sobre o acordado na resolución de concesión e réxime de autorización das ditas modificacións.

j) Se é o caso, as medidas de difusión ou publicidade que debe adoptar o beneficiario da contribución do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento ou de ambos.

2. O outorgamento e aceptación destas subvencións ou axudas suporá o sometemento por parte do beneficiario aos requisitos e condicións fixados para a utilización e destino da subvención ou axuda, así como ás condicións de control e xustificación, que para cada caso, en virtude da natureza da subvención ou axuda, ou da entidade beneficiaria, resulten aplicables.

3. O beneficiario da subvención ou axuda, no momento da súa aceptación, presentará compromiso formal de reintegro no caso de que se produzan os supostos previstos no artigo 21 deste real decreto.

4. O réxime aplicable á modificación da resolución de concesión e de ampliación do prazo de execución da actividade será o previsto nos artigos 12 e 13 deste real decreto.

#### Artigo 54. *Pagamento.*

1. As subvencións poderán ser anticipadas nos termos previstos no artigo 34.4 da Lei 38/2003, e no artigo 88.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

2. No suposto de pagamentos sucesivos, que poderán ser plurianuais, poderanse condicionar as seguintes percepcións ao cumprimento dos requisitos que se establecesen na resolución de concesión ou á xustificación da parte previamente realizada, caso en que o acordo de concesión poderá determinar unha porcentaxe de execución a partir da cal se poderá solicitar o pagamento.

3. Salvo previsión expresa en contrario na resolución de concesión, non procederá a constitución de garantías no caso de pagamentos anticipados.

#### Artigo 55. *Publicidade.*

A publicidade destas subvencións e axudas someterase ao establecido no artigo 16 deste real decreto.

### CAPÍTULO III

#### **Réxime de xestión, xustificación, control, reintegro e sancións**

#### Artigo 56. *Gastos subvencionables.*

1. Considéranse gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na resolución de concesión, sen que en ningún caso o seu custo sexa superior ao valor de mercado.

Dada a natureza das actuacións que son obxecto deste título, serán tamén financiáveis as existencias previamente adquiridas e almacenadas pola entidade subvencionada, postas á disposición da actividade, sempre que estas cumpran cos criterios de calidade exixidos polo órgano competente no acto de concesión da subvención ou axuda.

2. Resultan de aplicación a estas subvencións as normas contidas no título II sobre anticipo de fondos para impostos susceptibles de recuperación.

3. A resolución de concesión poderá establecer, logo dos estudos económicos que procedan, a fracción do custo total que se considera custo indirecto imputable a ela; neste caso a dita fracción de custo non requirirá unha xustificación adicional.



Artigo 57. *Réxime de xustificación, control, reintegros e sancións.*

1. Ás subvencións e axudas concedidas aos beneficiarios indicados na alínea a do artigo 50.1 deste real decreto seralles de aplicación o establecido no título I respecto dos beneficiarios a que se refire o artigo 8.1.a).

2. Ás subvencións e axudas concedidas aos beneficiarios indicados nas alíneas b, c, d e e do artigo 50.1 deste real decreto seralles de aplicación o réxime de xustificación, control, reintegro e sancións previsto na Lei 38/2003 e a súa normativa de desenvolvemento, coas especialidades que se establecen no título II desta norma.

Disposición adicional primeira. *Acordos con comunidades autónomas e entes locais.*

En cumprimento da Declaración de París sobre a eficacia da axuda ao desenvolvemento e de acordo co mandato do artigo 20 da Lei 23/1998, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación promoverá a formalización de acordos para o desenvolvemento de normativas converxentes coas comunidades autónomas e cos entes locais ou coas asociacións destes, de ámbito estatal ou autonómico, previstas nas disposicións adicionais quinta e décimo terceira da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, no marco das súas respectivas competencias e de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co seu regulamento xeral de desenvolvemento e este real decreto.

Disposición adicional segunda. *Aplicación supletoria.*

As subvencións e axudas de cooperación policial internacional e de cooperación internacional en materia de defensa, seguridade e intelixencia que se concedan en desenvolvemento da acción de Goberno no marco da política exterior española regularanse polos seus reais decretos específicos, sendo de aplicación, no non previsto nestes, o disposto neste regulamento.

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados e subvencións e axudas concedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. Os procedementos de concesión de subvencións e axudas iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa vixente no momento do seu inicio. Para estes efectos entenderase que os expedientes están iniciados cando se publicou a convocatoria da subvención ou axuda.

2. Tanto as subvencións e axudas a que fai referencia o número anterior como as xa concedidas antes da entrada en vigor deste real decreto, calquera que sexa o seu grao de execución, rexeranse, en todos os seus aspectos, pola normativa anterior e, en particular, polas súas bases reguladoras e as correspondentes resolucións de concesión.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido neste real decreto e, en especial, o Real decreto 259/1998, do 20 de febreiro, polo que se establecen as normas especiais sobre axudas e subvencións de cooperación internacional.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

1. Facúltase a persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a persoa titular do Ministerio de Economía e Facenda, e a persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións necesarias, se é o caso, para os desenvolvementos deste real decreto que se consideren pertinentes.

2. A normativa de desenvolvemento do título III deste real decreto tomará como referentes principais os instrumentos actualmente previstos na lexislación española e a

normativa, os procedementos e os instrumentos establecidos pola Unión Europea para a regulación das subvencións europeas destinadas á acción humanitaria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ